



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Benqueridas persoas que vos asomades a ENCRUCILLADA e a esta Crónica despois do descanso do verán: paz e ben.

Despediámonos no número anterior desexando que o acougo das vacacións nos axudase a poñer unha miguiña de esperanza tanto no espazo social e político no que nos movemos, coma na mesma Igrexa. Non sei se o demos conseguido.

Quizais ao redor disto algo ben significativo fose a carta enviada por Juan Cofiño González, Presidente da *Junta General del Principado de Asturias*, ao arcebispo Jesús Sanz, xustificando este ano a súa ausencia nos actos relixiosos que se celebrarían en Covadonga o 8 de setembro, precisamente polo contido e o ton da súa homilía na mesma data do ano anterior. Unha carta chea

de exquisita dignidade e sensatez. Se nunha Crónica anterior manifestabamos o noso desexo de que a Igrexa soubese mediar na sociedade para temperar palabras e ánimos, xustamente aquí é á inversa: un leigo socialista, posiblemente non crente, dá unha lección do que como autoridade civil ou relixiosa cómpre facer para saber estar. Aconsellamos a lectura desta misiva facilmente accesible nos medios; misiva que, ao que se viu, de pouco valeu, porque o arcebispo de Oviedo reiterouse este ano no seu habitual ton estirado e arrogante.

Segue a confrontación política, agora mesmo ao redor do asunto nada menor das migracións. O papa mesmo mediou neste debate, afirmando (vertemos ao galego): «Cómpre dicilo claramente: hai quen traballa

sistematicamente por todos os medios para repeler os emigrantes. E isto, cando se fai a conciencia e con responsabilidade, é un pecado grave. Na era dos satélites e dos drons hai homes, mulleres e nenos migrantes que ninguén debe ver. Só Deus os ve e escoita o seu clamor».

E por iso engade: «O Señor está cos migrantes e non con quen os rexeita», e en consecuencia aposta «por unha gobernanza mundial da emigración baseada na xustiza, na fraternidade e na solidariedade».

Cousa que lle valeu deseguida palabras de desprezo por parte de grupos sociais e relixiosos, que desde sempre o teñen de ollo. Sorprende a facilidade coa que se salta ao ring verbal, e ver canto custa sentar con calma, poñer enriba da mesa problemas e propostas, para entre todos buscar os remedios posibles.

Ao redor disto paga moito a pena ler con calma a moi xeitosa entrevista ao bispo de Mondoñedo-Ferrol, Fernando García Cadiñanos, responsable na CEE de Migracións, precisamente sobre este tema. Publicouse en *Religión digital* o 4 de setembro.

E, nesas andamos, tamén na Igrexa, por máis que cando isto se lea estarase clausurando o Sínodo da Sinodalidade, un longo e intenso intento para aprender todas e todos a facer as cousas contando respectuosamente coa presenza e achegas de cadaquén.

Polo demais seguimos en guerra. En Ucraína e Rusia, en Palestina e Israel e nas ducias e ducias de conflitos bélicos que se dan na actualidade no mundo, pero que ignoramos na súa maioría, porque non afectan, iso cremos, aos nosos intereses.

En Palestina segue activa a barbarie indiscriminada de Israel coa que quixo responder a unha barbarie previa de Hamás. Retratouna moi ben, ao noso ver, o escritor galego Suso de Toro, cando hai uns días escribía: «Israel está desfrutando dun pracer inédito: pode cometer as maiores crueldades sen padecer consecuencias. Aínda máis, o mundo contempla e asente. Un monstro que engorda obscenamente cometendo toda clase de monstruosidades».

Pero a vida, para ben, ten máis rostros ca os de quen poi-

damos fomentar crispación, destrución e morte.

1.- A graza insospeitada da vellez

O 26 de xullo é o día dos avós e das avoas, por aquilo de que presuntamente avó e avoa de Xesús foron Xaquín e Ana, que lembramos liturxicamente ese día.

Sabemos ben a entrañable afección que o papa Francisco ten por esas dúas puntas da idade humana: a vellez e a infancia, que vale tanto coma dicir, unha vez máis, a súa afección pola xente que sofre algunha marxinación. Tamén este ano nos invitou a celebrar o domingo 28 de xullo a IV Xornada Mundial dos Avós e das Avoas e das persoas maiores mediante unha mensaxe sinxela e suxestiva.

Imos coñecendo datos que nos informan de que Galicia é un país abundante en xente de moita idade. Podo dicir que comparto veciñanza e parentesco cunha muller de 101 anos, Visita, cunha vida longa e traballosa ás costas e unha vellez máis ou menos plácida, coa cabeciña moi no seu sitio,

e ben acompañada día e noite pola súa familia. E na mesma parroquia miña, Candia, hai unha boa presa de persoas que superan ben os 80 e mesmo os 90 anos, pero na maioría destes casos, sos ou en parella, os moitos anos están acompañados de soidade, e cunhas perspectivas cara ao futuro de poucas garantías. O normal é que unha residencia sexa o lugar onde se peche o periplo dunhas existencia que tanto souberon de convivencia traballada e gozada. E que na residencia estean ben asistidas esas persoas.

O papa –e o que os ollos e os oídos nos din– advírtenos da tendencia que temos a abeirar as persoas de idade, sobre todo cando supoñen unha carga para nós, para a nosa comodidade. E iso sen ignorar que todos coñecemos moitos casos de atención exquisita por parte de familias e amizades. Pódenos moito iso de ter e gozar de independencia, iso de funcionar por libre, sen sentido de familia, grupo, comunidade, iso de nos crer fortes e seguros, invulnerables e non conscientes de que á volta de nada estaremos nós ocupando o lugar de quen hoxe menosprezamos.

Na diocese de Mondoñedo-Ferrol, Cáritas está desenvolvendo un programa «*Convivindo*», que promove o acompañamento voluntario ás persoas maiores soas. Hai Centros de Día que desempeñan un papel extraordinario de integración. Hai Residencias masificadas onde con frecuencia se perden os contextos xeográficos, culturais, sociais e mesmo familiares, a fala e a memoria; pero tamén está habendo fermosos intentos de pequenas residencias ou agrupacións de maiores que tentan responder á vellez e ás limitacións que a acompañan con propostas alternativas de moitísima humanidade.

Descanso recordando o poema do uruguaio Mario Benedetti (1920-2009) «Aquí non hay viejos» –que ousei verter ao galego–, do que cito unha parte:

«Aquí non hai vellos nin vellas,
Só que chegou a tarde:
Unha tarde cargada de experiencia.
Experiencia para dar consellos.
Aquí non hai vellos nin vellas.
Só que chegou a tarde.
Vello é o mar e como se axiganta!
Vello é o sol e como nos quenta!
Vella é a lúa e como nos aluma!
Vella é a terra e como nos dá vida!
Vello é o amor e como nos alenta!»

Unha persoa nova, mesmo case un neno ou nena, é quen de nos desbordar no manexo dun móbil. Unha preciosa sabedoría técnica. Os nosos maiores son mestres en sabedoría vital, traballo, organización, sacrificio, soños, amor, moito amor, solidariedade, paciencia, aguante, resiliencia... Que sería dunha humanidade sen velliños e velliñas!

2.- Bispos novos para unha Igrexa tamén nova?

O día 4 de abril do ano 2021, Francisco José Prieto Fernández, cura ourensán, era ordenado bispo auxiliar de Santiago de Compostela; dous anos despois, o 1 de abril do 2023, responsabilizábase xa como arcebispo da mesma sé. O día 4 de setembro do ano 2021 un cura burgalés, Fernando García Cadiñanos, era ordenado bispo da sé vacante de Mondoñedo-Ferrol. E o 20 de xullo do presente ano 2024, o cura de Mondoñedo-Ferrol Antonio Valín Valdés era ordenado bispo da sé de Tui-Vigo, substituindo ao bispo emérito Luís Quinteiro Fiuza.

En todo isto hai sen dúbida algo moi normal –cómpre

cubrir as vacantes que se dan en calquera diocese-, pero preguntámonos se non hai tamén algo de excepcional, positivamente excepcional. Hai características comúns aplicables a estes tres novos bispos galegos: son relativamente novos –56 anos os tres, o maio do 68!–, son claramente da corda do papa Francisco e, con traxectorias e características persoais moi distintas (sabedoría, implicación social, servizo pastoral amigable), apostan por un modelo de Igrexa fiel ao que a Igrexa é (facilitadora dun encontro coa persoa, coa palabra, co proxecto de Xesús), pero abríndoa a xeitos de poñer en práctica o esencial, que estea máis en contacto co que é a realidade social que nos rodea, e as demandas desa mesma realidade. Non sucumbindo ao ambiente, senón encarándoo, dándolle a man desde unha postura evanxelicamente humilde e sabia, desde o programático «así que sede persoas prudentes coma as serpes e sinxelas coma as pombas» de Mt 10, 16).

Oxalá estes tres nomes sexan –e non por si sos, xaora, senón desde as voces e accións corais que sexan quen de xuntar

e mobilizar– o comezo dun momento novo para a Igrexa en Galicia, que, coidamos –igual nos equivocamos– desde hai xa ben anos carecía de referente e norte unificador e dinamizador. A palabra viva e cálida do irmán Francisco Xosé, a presenza social dinamizadora do irmán Fernando e o humilde, próximo e agarimoso talante pastoral do irmán Antonio, todo ao servizo da evanxelización, moi ben poden abrir portas ata agora pechadas ou só entreabertas; poden atraernos e ilusionarnos co san desenvolvemento dunha Igrexa en Galicia, dunha Igrexa galega, que sen ningún tipo de exclusivismo exótico, se sume desde si mesma, sendo o que é, sendo o que debe ser, á construción dunha comunidade humana, Galicia, que sempre se sentiu provocada por unha chamada do «alén», que na fe cristiá atopou forma e fondo convincente. Oxalá!

Estes tres bispos son os que non dubidaron en crear un seminario interdiocesano como resposta ás demandas papais, pero, sobre todo, como sabia maneira de estruturar unha formación sacerdotal con calidade humana, cultural, social e, por

suposto, relixiosa. Unha mágoa que non se lles sumaran as dioceses de Lugo e Ourense. Todo ten o seu tempo.

3.- «A esperanza non defrauda»

Este é o título da Bula do Xubileu ordinario do ano 2025, coa que o papa Francisco nos anuncia en 25 parágrafos este acontecemento eclesial e pretende axudarnos a unha vivencia sólida do mesmo, centrada no obxectivo de «reavivar a esperanza»; esperanza que para as persoas crentes ten unha matriz relixiosa, teolóxica, pero tamén unha proxección histórica imprescindible. Para ben nos dispoñer ao mesmo, xa estábamos por el invitadas a que fixésemos deste ano 2024 un ano de pregaría especial que nos dispoña por fóra e por dentro.

Os anos santos teñen o seu aquel. Foi o papa Bonifacio VIII quen instituíu o primeiro no ano 1300. A celebración ordinaria cada 25 anos –e mesmo tamén as extraordinarias, como a recente do ano 2015 para facilitar o encontro co «Rostro da misericordia» de Deus– están sempre orientadas a facilitar e ampliar o perdón, mediante a

indulgencia xubilar. Indulgencia que se nos ofrece na presente vida pero que se completa no momento culmen da nosa existencia, a «vida eterna» (nn. 18-23). Certamente resúltanos un tanto estraña esa teoría teolóxica, que o papa recorda no n. 23: o pecado deixa pegadas no ser de cadaquén, que cómpre purificar ou nesta vida ou na outra: Purgatorio. Ah, pero coa «indulgencia plenaria», gañada por nós mesmos mentres vivimos ou por outros por nós cando morremos, todo queda definitivamente reparado. Non soa isto a unha lóxica demasiado humana que rebaixa a forza do perdón de Deus?

Recorda o papa no seu escrito as datas de apertura e peche das catro basílicas romanas: Basílica de San Pedro, San Xoán de Letrán, Santa María a Maior e San Paulo Extramuros, como lugares onde poder «gañar» a indulgencia plenaria, para o que tamén se habilitarán todas as catedrais e concatedrais do mundo. Será ben difícil evitar que o asegurado ir e vir de millóns de persoas de boa fe non se converta en cuestión de negocio por institucións eclesiásticas e civís!

Cousa que tamén deixa pegada e fere de raíz o don da reconciliación, que é sempre fundamentalmente un don. E disto non estivo libre, non, a práctica eclesial, que suscitou en tempos duras críticas, merecidas, contra o papado.

Gústanos a concreción que o papa nos ofrece das circunstancias cara a onde poder facer eficaz a nosa esperanza, e polo tanto tamén o noso proceso de reconciliación persoal e histórica (nn. 7-15): a paz no mundo, diminución da natalidade, condicións de penuria (persoas presas en especial, para as que demandar a abolición da pena de morte), persoas enfermas, mocidade, migrantes (persoas exiliadas, desprazadas, refuxiadas), persoas anciás, xente pobre. E todo con ese apunte final (n.16) no que recorda o xubileu bíblico, cando os bens todos da terra habían volver ás mans dos seus primeiros propietarios cada 50 anos, que pecha con estas palabras: «Se verdadeiramente queremos preparar no mundo o camiño da paz, esforcémonos por remediar as causas que orixinan as inxustizas, canceleemos as débedas inxustas e insolutas e fartemos a xente famenta».

Lémbraos tamén o papa (n. 17) que no xubileu do ano 2025 celebramos os 1.700 anos do primeiro gran concilio ecuménico de Nicea, no que se buscou a unidade eclesial ao redor da fe trinitaria e da figura senlleira de Xesús como referente das nosas vidas cristiás e tamén da nosa mesma configuración trinitaria.

Falouse naquel concilio, recorda así mesmo o papa, da posibilidade de celebrar no mesmo día a festa da Pascua, cousa na que coincidiremos este ano a Igrexa católica e a ortodoxa por «unha circunstancia providencial». Seremos quen de institucionalizar esta coincidencia para en diante?

Oxalá tanto rebumbio, así sexa espiritual, non rompa –ao revés, fortaleza– as nosas tibias ou teimudas andainas que en tempo e lugar temos proxectado comunitariamente!

4.- Como custa ferro e fariña!

E referímonos con ese expresivo refrán galego ao «plan de reparación integral para as vítimas de abusos sexuais cando os casos xa teñan prescrito ou

este a morto o abusador (clérigo ou non clérigo). Presentouse o 9 de xullo. Foi un plan consensuado ao cen por cen por todos os bispos da CEE e por superiores/superioras maiores de máis de 400 congregacións relixiosas. Para estudar e resolver cada caso creouse unha comisión asesora composta por dez expertos (catro xuristas, dous psiquiatras, dous psicólogos, un representante dos bispos e outro das congregacións relixiosas). Enténdese que os casos non prescritos ou co abusador en vida o plan de reparación dependerá en boa medida da decisión xudicial correspondente.

Pero se houbo acordo entre bispos e relixiosos, non o houbo entre Igrexa (bispos) e Estado (ministro Bolaños), e tampouco entre bispos e algunhas asociacións das vítimas. Pensa o ministro que a Igrexa non é quen para ofrecer un plan unilateral, sen contar co control do Estado, co agravante de que ese plan en realidade non obriga as dioceses e congregacións relixiosas a que cumpran co que a tal comisión ditamine; os bispos argumentan que son quen para organizarse respecto

das súas obrigas e de ofrecer unha maneira de responder ás mesmas. E no caso da non obrigatoriedade do cumprimento por parte de dioceses e congregacións relixiosas, é certo, a CEE non pode obrigar, pero garante que, no suposto de non querer cumprir, atoparán saídas alternativas. A ver en que dá a cousa.

E tampouco houbo acordo entre os bispos e as asociación de vítimas dos abusos, ou polo menos unha parte importante desas asociacións, que xa non asistiron á presentación do plan dos bispos. Non se viron tidas en conta para a elaboración do mesmo plan, quéixanse de que dentro da tal Comisión avaliadora non haxa representación das Asociacións, e disenten, por diferentes razóns tamén, da forma de relación e colaboración da Igrexa e do Estado, que, entenden, si debería existir.

Botando a vista atrás temos que recoñecer que este tema se lle embrollou nas mans, na mente e nos sentimentos ao episcopado español, quizais porque, como foi e é evidente, non todos os bispos tiñan a mesma percepción da gravi-

dade dos feitos e, en consecuencia, tampouco eran capaces de acordar medidas de reparación efectivas, a fondo. Foi un proceloso percorrido a remolque o que foron levando ata este momento.

E coidamos que queda por meter o dente a aquela verificación que se ten recoñecido como parte importante da explicación dos graves abusos sexuais: é algo sistémico, non depende da maldade, da inmoralidade, do pecado dunha persoa, senón do funcionamento estrutural do conxunto eclesial, que tiña unha percepción previa dos feitos (é un pecado) e da maneira de resolvelos (certa penalización, cando se daba, do pecador, cambio de espazo eclesial, e segredo para non danar a imaxe da Igrexa).

Ultimamente están saíndo á luz con documentos cousas que xa se sabían: o caso do mexicano Marcial Maciel, fundador dos «Lexionarios de Cristo», a quen xa o papa Pío XII estaba a punto de excluír do estado clerical, e logo coa morte do papa todo se tapou, e había –non había haber!– xente no Vaticano que sabía das cousas

(drogas e sexo), papas incluídos, que, emporiso, sen ningún problema foron declarados santos. E o caso do tan valorado Abbé Pierre, francés, fundador de «Emaús», movemento contra a exclusión, do que agora se destapan cousas que é imposible que alguén non soubese. E nestes días pasados saíu á luz outra suposta ocultación ata agora mesmo por parte de tres xesuítas dos abusos sexuais do tamén xesuíta e arcebispo de La Paz (Bolivia) o valenciano Alejandro Mestre Descals, morto xa en 1988. E tamén Luís Fernando Figari vén de ser expulsado de *Sodalicia*, unha sociedade laica de vida apostólica, que fundara en Perú no 1971. El, xuntamente con outros responsables desa sociedade, entre os anos 1975-2002 estiveron abusando sexualmente de 36 persoas, delas 19 menores de idade. Co serio agravante de que xa en 2001 houbo denuncias abertas destes comportamentos –canto dixeron e sufriron por iso os periodistas Pedro Salinas e Paola Usaz!–, ás que non se lles prestou a atención necesaria. O labor, unha vez máis, dos comisionados papais Scicluna e Bertomeu fixo reventar tanta

podremia. Hai quen propón a disolución desta sociedade, que movía importantes cantidades de diñeiro!

Que pasa para que persoas significativas, algunhas delas de contrastada capacidade organizativa e solidaria, poidan desdicirse a si mesmas con comportamentos de abusos sexuais con persoas fráxiles? Hoxe admitimos que hai algo máis que malicia persoal. Estructuras de poder, clericais ou non, que facilitan os abusos e, quen sabe!, mesmo perversos inframundos afectivos, sexuais, relacionais, cos que crear escuras e potentes esferas de influencia social e eclesial, aos niveis que o sociólogo Frédéric Martel deixa entrever no seu polémico libro de entrevistas *Sodoma*, 2019.

En fin, así somos, así somos Igrexa, coas nosas excelsas glorias e cos nosos profundos infernos. E sempre, sempre, todos, todos, necesitados de conversión e de reforma. Benditas persoas, periodistas, sociólogos, o que sexan, que teñen a luz e a ousadía de ir levantando alfombras sobre as que outros se locen sen vergonza e con pracer!

5.- Estudos que dan que pensar

Pois si, dá que pensar o estudo elaborado pola axencia de comunicación *apablo.com* a partir dos resultados das respostas dadas pola xente aos últimos barómetros do CIS. Os cataláns lideran o afastamento da fe e da práctica relixiosa cun 86,9 % da poboación; ségueos o País Vasco co 84,9 %, e de terceiros situámonos os homes e as mulleres da nosa Terra, cun 83,7 %. Son tamén estas tres as comunidades onde máis abundan as persoas ateas e indiferentes ante o feito relixioso.

Pódennos sorprender os datos, pero, se un se asoma polos templos nos domingos e as festas relixiosas normais durante o ano, non lle chocarán a ninguén. Xa antes da COVID, pero máis a partir da mesma, é notorio o baleiro de moitos templos parroquiais, nos que ademais, maiormente no rural, é moi normal que soamente unha vez ou dúas ao mes haxa misa ou celebración do domingo. Hai diferenzas entre bisbarras e bisbarras, pero o apagamento é notorio e practicamente xeneralizado en persoas que van dos 0 aos 50 anos, agás nas tempadas

que poidan estar preparándose para a Primeira Comunión e a Confirmación.

Se a misa dominical é a que sostén a vivencia relixiosa dese pequeno tanto por cento resultante, debemos recoñecer que moitas das persoas que vacilan entre o si e o non, refúxianse, como derradeiro recunchiño do seu hálito de fe, nestes catro ámbitos de experiencia relixiosa: os funerais (velorios, enterros, aniversarios), os santuarios, as festas parroquiais (case sempre no verán) e as celebracións dalgúns sacramentos (bautizo, primeira comunión e confirmación), aos que tamén hai xente que renuncia.

Son ocasións puntuais, que cadran con circunstancias vividas normalmente con moito sentimento, nas que moita xente se mostra receptiva a deixarse tocar por algo que empatiza co que leva moi dentro, tan dentro que quizais xa o ten coma esquecido.

Deixemos agora o grupo das persoas fieis á fe, ás prácticas relixiosas, á vida relixiosa cristiá; pensemos nas que andan atoutiñando nos arredores de nós e que moi limitadamente comparten de cando en vez os

nosos momentos de culto, a nosa palabra relixiosa, a nosa maneira de vinculala coa vida real, as nosas formas de ser e de vivir en comunidade cristiá. Que é o que lles ofrecemos realmente? Con que se atopan nun velorio, por exemplo? A que lle soa o argot, a labia relixiosa que habitualmente empregamos? Que lles poden transmitir unhas procesións dos santos patróns, cunhas imaxes que evocan formas e tempos descoñecidos? Que poden sacar das celebracións rutineiras de tantos sacramentos, que non se acompañan dunha sinxela presentación, duns comentarios breves, vivos, que busquen iluminar o que pode estar ensombrecido pola distancia e o desinterese? Sacramentos que –está ben á vista– non teñen case significado algún para a vida de quen os celebra? Que pouso lles poden deixar as prácticas habituais nos santuarios, demasiado simples e primitivas?

En fin, que se os momentos citados son para moitísima xente a única aproximación ao ámbito relixioso, non pagaría a pena pensar con seriedade no que poderíamos facer para que algo poidan espertar a cons-

ciencia de quen neses momentos se nos aproxima? Como habería que evanxelizarse xa eses mesmos momentos de encontro cultural, para que logo poidan converterse en espazos de evanxelización? Como evanxelizarse un velorio, un enterro, un aniversario, as prácticas dun santuario, as festas parroquiais, todos e cada un dos sacramentos, para que poidan ser cando menos algo así como un primeiro anuncio?

E, feito isto, aínda nos quedaría por pensar e inventar, como achegarnos coas prácticas de Xesús na vida a esa inxente cantidade de concidadáns, homes e mulleres, que cada vez máis nos ollan cun aquel de estrañeza, de chacota, de desprezo e mesmo de agresividade?

Como construír eses pequenos grupos, vivos e significativos, aos que –recordando as proféticas palabras do teólogo Ratzinger dos primeiros tempos– parece que nos iremos reducindo as masas cristiás de outrora? Non podemos dicir que non esteamos con algo desa teima no corazón, na práctica, pero non estamos facendo abondo, non o estamos facendo

ben. A tentación de volver a formas e fondos pasados peta ás nosas portas. Abrir eficaces camiños novos xa é outra historia. Pero a iso estamos convocadas as comunidades cristiás, polo noso propio ben, polo ben da sociedade á que nos debemos.

6.- Pero non faltan liderados

Ante o comentado no punto anterior podémonos preguntar: se as cousas están así, a pesar de tanto ir e vir, de tantos encontros, de tantas programacións, de tantos papeis e de tantas accións, que podemos facer? A quen imos ollar que nos poida alumar o camiño?

Non nos faltan líderes, porque temos un líder permanente, que é Xesús de Nazaret; líder consistente, claro na maneira de vivir a Deus e na maneira de tomar opcións na convivencia coas persoas que o rodeaban. Que os tempo son outros? Certo, pero tampouco na temporalidade carecemos de liderados. O Espírito foi suscitando en cada xeración persoas concretas que souberon ir colléndolle o pulso a cada momento histórico e que nos ofreceron vías polas que camiñar para sermos nós con

fidelidade persoas cristiás na presente hora. Claro que dá a impresión de que ante estes líderes non nos detemos con calma e dispoñibilidade. Membros dunha cultura do xa e do rápido, con facilidade deixamos como cousas do pasado recentes experiencias consistentes, que nos poderían facilitar camiños. Se cadra, quen sabe!, porque eses liderados normalmente empezan por removernos as seguridades establecidas nas que nos move-mos. E iso non nos vai.

A casualidade, ou o regalo do Espírito, fixo que estes días puidésemos recuperar a memoria da figura do claretiano catalán Pedro Casaldáliga Pla, cando se cumprían 4 anos da súa morte, aos 92 anos, despois de ser bispo de San Félix do Araguaia, no Mato Grosso brasileiro, durante 35 anos. O tamén claretiano Benjamín Forcano ofrecíanos en *Religión digital* o pasado 8 de agosto un substancioso «En memoria de Pedro Casaldáliga», que paga a pena ler e meditar.

De Pedro Casaldáliga temos oído falar moito sobre todo nos anos 80-90 do pasado século, ata a súa morte. Con admira-

ción cara á súa opción contundente pola xente máis desfavorecida, asumindo evidentes perigos de linchamento, ou con menosprezo pola súa opción polo mundo da Teoloxía da Liberación, que hai quen pode considerar unha opción política e non relixiosa. Pero Pedro Casaldáliga era basicamente un crente, un místico cos pés na terra, e toda a súa actividade como bispo dependía diso.

Velaquí as cinco características das que sobre el fai memoria o seu compañeiro Benjamín Forcano:

1. Sempre foi o mesmo. Desde novo xa era o que logo foi de maneira explosiva.
2. A súa coherencia de vida, que lle conferiu liberdade profética e lle gañou credibilidade universal.
3. A base de todo o que pensaba, dicía e facía era simplemente Xesús de Nazaret.
4. Facendo súa a vida de Xesús, Pedro entra en todo e a todos coa súa mesma liberdade.
5. Algúns feitos relevantes do vivir «libre e pobre, pobre e libre» de Casaldáliga:

- a. Celebrar a súa consagración episcopal sobrepasando todo ritualismo tradicional, cambiando e resignificando elementos como a mitra, o báculo, o anel, o escudo, os guantes.
- b. Negarse a ir a Roma en visita «*ad limina*», agás se o papa llo pedise. Tardaron dous anos en chamalo; foi, pero previamente escribiulle unha carta a Xoán Paulo II comparando cousas que se deberían cambiar na Igrexa.
- c. Acoller unha comunidade de claretianos expulsados da orde por negárense a disolver a súa comunidade por razóns teolóxicas.
- d. Apoiar a revolución sandinista, cando o sandinismo era unha forza de real liberación popular.
- e. Lema: ser libre para ser pobre; ser pobre para ser libre.

O crente e místico Pedro Casaldáliga deixou razón do seu pensamento, da súa vida, das súas fontes espirituais, do seu diario vivir e convivir como irmán e pastor cun pobo empo-

brecido, oprimido, en libros e colaboracións que reflicten a verdade e a fondura da súa existencia cristiá. O seu corpo xace, por disposición súa, ao lado da xente do pobo, nunha sepultura cavada na terra, e sobre ela unha pequena cruz de madeira. Por ser pobre coa xente pobre, sempre foi contrario ao poder e á ostentación do clero na súa vida, nas súas mesmas celebracións relixiosas, na súa morte.

Da súa ampla e fermosa herdanza literaria, estes versíños, que tanta actualidade teñen:

«Dios nos libre
de seculares
con sotana en el espírito.
Dios nos libre
de curas
sin Espírito Santo.
Dios nos libre
de espíritus
sin la carne de la vida».

Mestres hainos. Criterios e camiños abertos para andar témolos. Quédanos intelixencia para vivir iso na nosa realidade e vontade de facelo. Oxalá! Por nós. Polo pobo ao que nos debemos. Polo Deus ao que tanto lle cumprimos.

7.- Feminizar a vida, a liturxia, a Igrexa

O leccionario litúrxico da Igrexa Católica o 25 de agosto, domingo 21 do Tempo Ordinario, B, ofrecía como segunda lectura o texto de Ef 5, 21-32, que empeza dicindo:

«Irmáns: Sede ben guiados uns cos outros por respecto a Cristo: as mulleres sométanse aos propios maridos, como se fose o Señor, pois o marido é cabeza da muller, como tamén Cristo é cabeza da Igrexa, o salvador do corpo. E, como a Igrexa se somete a Cristo, así tamén as mulleres aos seus maridos, en todo» (vv. 21-24).

Por mor disto, unha teóloga alemá, Annette Jantzen, muller casada e nai, que para máis gloria traballa con mulleres en situación de vulnerabilidade, fixo pública a súa protesta pola mentalidade e a cultura machista que encerra este texto —onde ademais o machismo queda xustifico dalgunha maneira, mesmo sacralizado, cun asento cristolóxico— e manifestou que ese texto debería ser retirado dunha lectura pública.

Lin algún comentario en medios eclesiásticos, que se limitaban a dar a información, sen tomar posición algunha. Téñolle escoitado a algunha muller galega, lectora habitual nas celebracións eucarísticas, que ela nunha ocasión se negara a ler ese mesmo texto. Quen isto escribe, na celebración dese día substituíuno por outro texto do leccionario, e polas mesmas razóns da teóloga Annette.

Entendo que a Palabra de Deus é unha palabra expresada nas formas humanas que se corresponden coa cultura dun momento histórico, que non ten por que hipotecar o sentido profundo do que cadra co ser, co gusto de Deus. Así Paulo reviste a cultura machista que o domina a el e ao seu entorno cuns razoamentos que en algo podían suavizar a dureza dun machismo á brava, pero que no fondo, sacralizándoo, facíanos máis sutil e perverso. Deus santo mo perdoe!

Que malo nos pode pasar recoñecendo isto? Non era normal que se expresase quen nos precedeu na fe, en conformidade coas categorías cultu-

rais do seu tempo? Non temos a obriga de expresar os nosos convencementos crentes envolvéndoos nas claves da nosa cultura, coidando moito, iso si, de non caer en trampas similares a aquelas nas que caeron en ocasións concretas os nosos maiores na fe? Ás veces certamente tocaranos ser contraculturais, pero non é un absurdo selo neste asunto?

O feminismo é un claro signo dos nosos tempos. Podemos dicir del que dalgunha maneira é coma unha voz revelada de Deus a través sobre todo da experiencia, da loita, da reflexión, da formulación teórica de moitas mulleres que se rebelaron contra esa submisión ao varón que tan relixiosamente admitía e aconsellaba Paulo. Así é como século a século, dentro e fóra do espazo bíblico, en moitos campos da comprensión de Deus e do comportamento humano foise conformando a Palabra de Deus, Palabra de Deus que segue viva, activa.

Cara ao feminismo, cara á presenza e á integración da muller dentro da Igrexa, temos dado pasos importantes, pero segue a haber enormes caren-

cias. A primeira, simple pero significativa, é que seguimos empregando textos bíblicos e litúrxicos, oracionais, nunha linguaxe non inclusiva. O misal, mesmo o recentemente reeditado, segue expresándose en formas masculinas, desde os textos máis ordinarios ata os máis extraordinarios; en todas as pregarias eucarísticas celébrase que o sangue de Cristo «vaise verter por vós e por todos os homes», e así en moitos momentos máis. Os salmos, tan empregados tamén na liturxia eucarística, ignoran completamente a muller; aparece en dous: no salmo 45 a princesa está supeditada ao rei, e no 128 a muller non deixa de ser coma unha posesión máis nas mans do home e señor da casa.

Que eu saiba, ninguén se puxo a facer unha versión da Biblia –ou do Novo Testamento polo menos–, nin do misal en clave inclusiva. Unicamente en Canarias en 2021 Mercurio Editorial publicou un *Nuevo Testamento. Una adaptación al lenguaje inclusivo y canario*, obra dun equipo de sete especialistas, moi ben editado e atinando, iso cremos, nas solucións necesarias para a inclu-

sión. Parece, logo, que romper coa linguaxe exclusiva non é imposible, pero queda na iniciativa particular de quen o sinta necesario, cos riscos que iso leva aparelado. Non cremos que esa sexa a solución, pero a iso case que obrigan.

E a segunda carencia ten que ver cos ministerios ordenados (diaconado, sacerdocio, bispo e mesmo papa). Pero isto son xa augas doutro regueiro, augas case de tormenta. Para moita, moita xente do mundo actual «occidental» –deixemos a un lado o mundo musulmán– é incomprendible o veto que a Igrexa impón á participación das mulleres nos ministerios ordenados. A argumentación teolóxica que se emprega –que sempre acaba concluíndo que a tal decisión é cousa do mismísimo Deus a través do seu Cristo (!)– parécenos necesariamente revisable. Pensamos (e pode estar equivocado) que para algo tan determinante como é a exclusión das mulleres destas responsabilidades eclesiais –algo tan humano e sagrado– non cabería máis argumento ca un claro e explícito mandato de Xesús, cousa que evidentemente nunca se

deu. Algo que tampouco non pega para nada nin co talante de Xesús, nin cos seus obxectivos programáticos, entre os que non estivo estruturar o funcionamento da comunidade de seguidores, e si, en cambio, sinalar cales habían ser os valores e actitudes fundamentais coas que se desenvolver; unha delas, e ben importante, aquilo de que «vós non vos fagades chamar ‘señor mestre’, pois un só é o voso mestre e todos vós sodes irmáns»(Mt 23, 8). Non estaremos unha vez máis apegándonos teimosamente a unha tradición que ten moito máis de cultural ca non de doutrinal, por moito que a intentemos xustificar con algunhas pasaxes evanxélicas? Non caemos así no mesmo desacerto de Paulo? Somos un número grande, grande, na Igrexa, quen consideramos que si.

Coidamos que o agradecemento inmenso que ás mulleres lles debemos na Igrexa debería abrírnos os ollos, a mente, o corazón, para dar pasos que rompan dunha vez con todo signo de discriminación. Polo respecto debido ás mulleres, polo ben da Igrexa, pola maior gloria de Deus!

E, deixando para a próxima Crónica o comentario da prometedora viaxe papal a Indonesia, Papúa Nueva Guinea, Timor Oriental e Singapur do 2 ao 13 de setembro, despedímonos por esta volta. Non sen antes vos desexar bo proveito se decidistes participar no 43 Congreso de Teoloxía Xoán XXIII, que se celebrará en Madrid do 6 ao 8 de setembro co tan necesario título de «*Guerra y paz en el mundo actual. ¿Hay salida a la vista?*»; ou nas XXIII Xornadas de Teoloxía promovidas polo Instituto Teolóxico Compostelán, que este ano o 12 e o 13 de setembro versarán sobre cuestións dun futuro que xa está petando á porta, como son a IA (Intelixencia Artificial) e o Transhumanismo. Ou se, sendo clérigos, vos dispoñedes a participar na xa 30 edición das Xornadas Sacerdotais

de Galicia, en Poio, que este ano se desenvolverán do 15 ao 18 tamén de setembro baixo o lema «Sacerdote orante, fonte de comunión».

E igual temos o bo gusto de nos atopar en Santiago, o 5 de outubro, no XXXVIII Foro de Encrucillada, no que este ano lle daremos voltas a iso de «Unha Igrexa aberta por reformas». En calquera caso, vexámonos ou non, oxalá nos vaia ben neste outono maino, coa rica variedade das súas cores e dos nosos labores, e coa decidida ilusión de empezar o curso cal estudante teimudo que empeza a tempada co gozo e coa ansia de se ver persoa en tanto servida e tamén servindo a esta sociedade e Igrexa galegas, que é o noso querido e cotián fogar. Abur e ata a vindeira.

Manuel Regal Ledo